

**Seminario Científico Internacional
Efectos económicos, sociais e ambientais da marea negra do "Prestige"**

ALBINO PRADA BLANCO / MARÍA XOSÉ VÁZQUEZ RODRÍGUEZ [coord.]
Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega,
Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade.
Madrid: Asociación Hispano-Portuguesa de Economía
de los Recursos Naturales y Ambientales. [2004]
[437 páxinas]

Recibido: 2 de novembro de 2004
Aceptado: 9 de novembro de 2004

Este volume recolle os relatorios presentados no Seminario Científico Internacional sobre danos ambientais celebrado en Santiago de Compostela os días 7 e 8 de marzo de 2003, ao abeiro do Consello da Cultura Galega. Neste seminario xuntáronse expertos internacionais e locais de recoñecido prestixio co fin de detallar o estado das contribucións feitas na economía ambiental ao estudo das mareas negras, así como as súas posibles futuras aplicacións ao caso da análise das perdas económicas ocasionadas polo petroleiro *Prestige*. Por isto, o conxunto dos capítulos deste libro recolle información dun gran valor científico e académico que nos permite achegarnos ao estudo dos impactos económicos das mareas negras desde diferentes puntos de vista e aplicando diferentes metodoloxías. Compárase en gran detalle a experiencia de valoración americana coa existente en Europa, comentando as súas diferentes dimensións, entre as que se inclúen as diferenzas institucionais e legais na compensación de danos. Con respecto á compensación de danos, neste volume reitérase a necesidade de que as compensacións sexan máis coherentes cos danos ocasionados e a importancia de que os estudos previos de valoración inclúan non só as perdas económicas e ambientais reflectidas no mercado senón tamén o conxunto de perdas que non se poden medir directamente a través dos mercados. O volume é moi ameno e serve de boa introdución ao estudo económico das mareas negras.

Concretando, a estrutura deste volume é a seguinte. Primeiro, introdúcense os obxectivos xerais do seminario, seguidos por unha primeira aproximación ao accidente do *Prestige*, e unha análise do marco institucional aplicado na Unión Europea no caso de mareas negras, presentado polos coordinadores deste volume (Prada e Vázquez). A isto séguenlle dúas partes básicas. Na primeira parte revísanse as diferentes experiencias de valoración de perdas económicas, incluíndo na medida do posible as perdas ambientais que foron avaliadas en diferentes mareas negras tanto nos EE.UU. coma en Europa. En primeiro lugar, relátase a primeira experiencia de valoración de perdas ambientais de uso pasivo (aquelas que non se poden aproximar directamente polo mercado) nos EE.UU. a raíz da catástrofe do

Exxon Valdez en Alasca. Este primeiro traballo de valoración foi elaborado por Carson *et al.*, e é unha referencia internacional en termos da valoración das perdas ambientais de uso pasivo. O traballo de Carson *et al.* converteuse nunha referencia excepcional na economía ambiental, xa que foi o primeiro estudo que incluíu este tipo de danos ambientais non recollidos polo mercado na valoración das perdas totais ocasionadas polas mareas negras. A metodoloxía desenvolvida neste estudo é a valoración continxente, que Carson e os seus coautores aplicaron cunha gran rigurosidade ao caso *Exxon Valdez*. A esta exposición detallada de como se utilizou a metodoloxía proposta (valoración continxente) á valoración de perdas de uso pasivo ocasionadas polas mareas negras, séguelle unha análise da situación actual e dos efectos persistentes da contaminación producida polo *Exxon Valdez* sobre o estreito de Prince William narrada por McCammon, directora executiva do Consello de Administradores Fiduciarios da marea negra do *Exxon Valdez*. McCammon sinala que trece anos despois do accidente do *Exxon Valdez* aínda non todas as especies ecolóxicas que foron afectadas están totalmente recuperadas, e doutras indica que existe demasiada pouca información dispoñible para calcular os efectos que sufriron polo accidente.

Esta visión, que resume a experiencia americana do *Exxon Valdez*, compléméntase coas contribucións francesas de Bonnieux e Rainelli e de Thébaud, Baillyt, Hay e Pérez. Bonnieux e Rainelli estudan as perdas causadas pola redución ou polo cesamento de actividades recreativas (pesca deportiva fundamentalmente) causadas polo accidente do petroleiro *Erika* na Bretaña francesa. Os autores presentan primeiro a análise utilizada para avaliar as perdas sufridas pola marea negra causada polo *Amaco Cadiz* no ano 1978. A pesar de que por falta de medios económicos non foron capaces de facer un estudo detallado destas perdas, os autores computan de forma global as perdas económicas, cuantificando os custos directos de limpeza, perdas en recursos mariños, perdas na industria turística, perdas nas actividades recreativas e perdas ambientais, avaliadas estas últimas utilizando o valor comercial de reposición das especies afectadas. No caso do *Erika*, os autores arriba indicados combinan o uso de valoración continxente e o método de custo de viaxe para estimar as perdas causadas pola redución de utilidade das actividades recreativas vinculadas ao mundo da pesca. A pesar de que estas perdas non se poden reclamar, os autores mostran que no caso do *Erika* superan os 100 millóns de euros (do ano 2000) mentres que os gastos directos de limpeza nese mesmo ano foron de 124 millóns de euros. Por outra parte, Thébaud, Baillo, Hay e Pérez valoran a efectividade do proceso de compensación dos danos que provocan as mareas negras, indicando que na maior parte dos casos as indemnizacións recibidas son só unha pequena parte das reclamadas, ademais de que a espera por parte dos afectados pode ser bastante longa, como está ocorrendo no caso do accidente do *Aegean Sea*. Os factores que explican a diverxencia entre os cálculos de custos do accidente e a indemnización son, segundo os autores, o reflexo dos problemas atopados á hora de determinar os valores económicos da compensación e do comportamento estratéxico dos axentes implicados no proceso de pagamento de indemnizacións.

A segunda parte do libro relata a situación actual e as perspectivas de valoración no caso da marea negra provocada polo *Prestige*, incluíndo un capítulo sobre a estratexia anglosaxona fronte á latina na actuación das administracións públicas en caso de accidentes ambientais graves presentada por López Linaje. Neste capítulo López Linaje denuncia a escasa preocupación e respecto polo ambiente que deriva da estratexia latina. Séguelle unha interesante primeira aproximación ás perdas ocasionadas polo *Prestige* elaborada por Prada Blanco e Vázquez Rodríguez. Empregando estudos previos e certas previsións que haberá que contrastar posteriormente, os autores indican que as perdas ocasionadas polo *Prestige* poden ir desde os 2,2082 aos 3,460 millóns de euros, incluíndo tanto os danos privados como os colectivos, e os de mercado e sen mercado. É dicir, os danos totais causados polo *Prestige* de acordo con esta primeira aproximación están moi por riba de calquera compensación que Galicia poida obter. O capítulo escrito por Surís e Garza Gil tamén contén unha proposta metodolóxica de valoración das perdas económicas ocasionadas polo *Prestige* medindo o valor do PBI cesante, que se estimaría a través da evolución de diferentes estatísticas e índices económicos, sendo completados con entrevistas a particulares e a individuos cualificados. Para concluír esta sección, García Negro presenta a valoración de perdas comerciais estimadas a causa do *Aegean Sea* na pesca comercial de Galicia. En total, e segundo esta autora, a 31 de decembro de 1997 a suma total de danos causados polo *Aegean Sea* foi de 36.234 millóns das antigas pesetas, o cal demostra unha vez máis que o sistema de indemnizacións de danos relacionados con vertidos de petroleiros é moi insuficiente para cubrir os danos causados. Por último, o broche final póñeno unha serie de recomendacións e de declaracións por parte de Varela Lafuente que sintetizan as achegas do seminario e as futuras actuacións da Asociación Española e Portuguesa de Economía Medioambiental (AERNA).

Unha valoración completa e adecuada de todas as perdas económicas e ambientais é moi laboriosa e difícil. No caso do *Prestige* esta valoración complicase non só pola gran magnitude e duración temporal do accidente (moito maior cá do *Exxon Valdez*), combinada coa escaseza de datos que nos permitan reconstruír con exactitude a situación de base anterior ao accidente, senón tamén porque nos atopamos con ecosistemas que xa foran danados anteriormente en varias ocasións, o cal fai máis difícil analizar a contribución *marxinal* do accidente provocado polo *Prestige* na economía e na riqueza natural de Galicia. Concluindo, este volume é de especial interese para todos os economistas ambientais e científicos en xeral interesados na análise das consecuencias económicas derivadas das mareas negras. Tamén é unha aposta interesante feita por investigadores galegos que tratan de concienciarse cun problema local, tratando de revisar outras contribucións internacionais feitas no mesmo campo, co fin de sacar conclusións moi válidas e interesantes á hora de valorar as perdas económicas derivadas do accidente do *Prestige* ou de calquera outro accidente ambiental catastrófico. O grande esforzo feito para presentar este volume en galego e en inglés tamén é moi apreciable e seguro que

dará os seus froitos en termos de divulgación e de recoñecemento científico internacional.

MARÍA L. LOUREIRO
IDEGA
Universidade de Santiago de Compostela